

ESTATUTOS DA

ASOCIACIÓN

INFORMÁTICA

AMIGUS

TÁBOA DE CONTIDOS

CAPÍTULO I.....	2
CAPÍTULO II:.....	2
CAPÍTULO III.....	4
CAPÍTULO IV.....	5
CAPÍTULO V.....	7
CAPÍTULO VI.....	7
CAPÍTULO VII.....	8
CAPÍTULO VIII.....	9
DISPOSICIÓN ADICIONAL.....	9

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO.

Artigo 1:

Constitúese na vila de As Pontes de García Rodríguez unha Asociación Informática denominada AMIGUS e que se rexerá pola vixente lei de Asociacións, adaptándose os presentes estatutos a la Lei Orgánica 1/2002, de 22 de Marzo, reguladora do dereito de Asociación.

A asociación carece de ánimo de lucro.

O réxime da Asociación determinarase polo disposto nos presentes estatutos, se ven estes veránse completados por un Regulamento de Réxime Interno, a elaborar durante as reunións de traballo. Os aspectos non reflectidos ou previstos nestes estatutos, aplicarase a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de Marzo.

Artigo 2:

Os fins da asociación serán:

Promover o uso da informática.

Promover o uso de aplicacións informáticas de código aberto e en particular do sistema operativo GNU/Linux e o apoio ós seus usuarios, que alcanzará tanto os seus membros coma o resto da sociedade: sexan particulares, empresas, centros educativos, organizacións ou administracións públicas. Entendese por software libre os programas de ordenador que como o sistema operativo GNU/Linux, permiten a tódolos usuarios o seguinte:

- Executar o programa sen restricións
- Estudiar o funcionamento do programa, e adaptalo a súas necesidades.
- Distribuír copias sen ter que pagar por elo ningún tipo de royalty.
- Melloralo programa, e liberalas melloras ao público de tal maneira que toda a sociedade se beneficie.

Para a consecución destes fins, a asociación poderá organizar conferencias; cursos de formación e divulgación; sesións de traballo; realización de proxectos de desenvolvemento de documentación de Linux; celebración de encontros periódicos entre usuarios; e calquera outra actividade lícita que sirva os fins da asociación.

Artigo 3:

O domicilio da asociación radicará na vila de As Pontes de García Rodríguez, na Rúa Ortigueira, 34 - 1º. A xunta directiva poderá acorda-lo troco de enderezo, do que dará comunicación.

Artigo 4:

A asociación que se constitúe desenvolverá as súas actividades inicialmente na vila de As Pontes de García Rodríguez. Terá duración indefinida e solo se disolverá por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria ou por calquera das causas previstas pola lei.

Artigo 5:

A xunta directiva será o órgano para interpreta-los preceptos contidos nestes estatutos e cubrir as súas lagoas, sempre someténdose á normativa legal vixente en materia de asociacións.

Os presentes estatutos serán cumpridos mediante os acordos que validamente adopten a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral dentro da súa respectiva competencia.

CAPÍTULO II:

CARGOS

Artigo 6:

A dirección e a administración da asociación correrá a cargo dunha Xunta Directiva formada por: un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro un Contador e dous vocais.

A Xunta Directiva, na súa virtude, ostentará os seguintes poderes:

- a) Representación da asociación naqueles actos e negocios por virtude dos que aquela adquira, posúa, grave ou transmita toda clase de bens, comprar e vender, permutar, dar e tomar en arrendamento, usufructo ou por calquera outro título; constituír, extinguir e cancelar hipotecas e demais gravames, celebrar no nome da asociación contratos, compromisos e convenios con toda clase de persoas e organismos; afianzar operacións alleas, tomar a préstamo cantidades monetarias que fosen necesarias para a boa marcha dos negocios da asociación nas condicións que estime conveniente, concertar toda clase de operacións con entidades bancarias, incluído o Banco de España, o Banco Hipotecario, Caixas de Aforro e demais entidades de crédito e subscribi-los documentos precisos para a formalización dos anteriores negocios xurídicos.
- b) Representa-la asociación ante toda clase de persoas, físicas e xurídicas, de carácter público e privado, e ante toda clase de autoridades, da administración central, autonómica, local e institucional, tendo neste punto tódalas facultades precisas para a mellor realización de tal representación e, representa-la asociación en xuízo, intervindo ben directa e persoalmente ou ben por medio de Procuradores dos Tribunais ou Letrados con poder xeral para preitos, e en todo caso, para que activa e pasivamente, como parte principal, litisconsorte, terceiro ou coadxuvante, actúe ou interveña en toda clase de feitos, actos e negocios xurídicos, de carácter procesal ou prexudicial, incluso actos de conciliación ou, con ou sen conformidade, interpoñendo, exercitando, disentindo, apartándose, transixindo, extinguindo, renunciando e esgotando dereitos, accións e excepcións por tódalas súas incidencias e recursos ordinarios e extraordinarios, comprendidos os de queixa, responsabilidade civil, casación en tódalas súas modalidades e revisión ante xulgados, tribunais, organismos e corporacións, autoridades e funcionarios de calquera outra clase existente, que se cree no futuro e actuando con cantas facultades sexan presuposto, desenvolvendo, complemento ou consecuencia da súa situación procesal plena ata obter resolución definitiva e firme e logra-la súa completa execución.
- c) Absolver posicións na proba de confesión xudicial e declarar como testemuña.
- d) Percibir e cobrar en todo ou en parte sumas en débeda á asociación, constituír, retirar e dispor dos depósitos, consignacións e fianzas situadas a nome da asociación en establecementos bancarios ou oficinas públicas ou privadas e intervir e ser ofertante en toda clase de poxas, concursos e concursos-poxas constituíndo ó efecto os avais que sexan precisos.
- e) Abrir, seguir e cancelar contas correntes, de crédito, de aforro e de calquera outra especie situadas a nome da asociación en establecementos públicos e privados, firmando talóns, cheques e outros documentos que fose mester para estes fins, librar, avalar, endosar, aceptar, negociar, descontar, cobrar e pagar letras de cambio, pagarés e demais documentos mercantís.
- f) Nomear ó persoal técnico, administrativo, obreiro e subalterno que teña que traballar por conta e baixo a dependencia da asociación, sinalando a ese persoal as súas funcións, dispoñer da súa separación da asociación, e exercer sobre eles a facultade disciplinaria, fixar e pagar as súas retribucións.
- g) Levar e firmar correspondencia e libros sociais.
- h) Conferir toda clase de poderes que conteñan todas ou algunhas das anteriores facultades salvo as indelegables, e revocalos en todo ou en parte.

Os membros da Xunta Directiva poderán causar baixa por renuncia comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumplimento das obrigas que tiveran encomendadas e por expiración do mandato.

Os membros da Xunta Directiva que agotasen o prazo para o que foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que os substitúan.

Artigo 7:

O presidente da asociación, xunto coa Xunta Directiva, asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebren unha e outra.

A fin de dar unha continuidade mínima á Xunta Directiva, que permita dar unha estabilidade á mesma que asegure o arranque e rápido crecemento da asociación, o Presidente e os membros da Xunta Directiva deberán ser elixidos entre socios que teñan ó menos un ano de antigüidade. En todo caso, dita antigüidade mínima non será esixible a ós socios que sexan elixidos para ser membros da Xunta Directiva a fin de cubrir prazas vacantes.

CAPÍTULO III

REGULAMENTO ELECTORAL

Artigo 8:

Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, e o mandato terá unha duración de dous anos, aínda que os seus membros poden ser obxecto de reelección. A xunta directiva elixirase entre tódolos membros da asociación coas seguintes normas:

- 8.1. A xunta electoral estará formada por tres membros elixidos en sorteo público de entre os membros da asociación. Non se poderán presentar ás eleccións os membros da xunta electoral, para o que se elixirán tantos suplentes coma indique a xunta directiva.

A xunta electoral será elixida ó mesmo tempo que se realice a convocatoria electoral. Esta convocatoria conterá a data de celebración das eleccións os cargos a cubrir e os prazos de presentación de candidaturas, así coma calquera outra información precisa para o desenvolvemento do proceso electoral.

- 8.2. O cometido esencial da Xunta Electoral, será velar polo correcto desenvolvemento do proceso electoral e formar parte da mesa electoral.
- 8.3. A convocatoria electoral pola Xunta Directiva Xeral deberá fixar un prazo mínimo de quince días naturais para a presentación de listas pechadas de candidatos ante a Xunta Electoral. Dito prazo deberá abrirse cunha antelación mínima de corenta días naturais respecto á data fixada pola Xunta directiva Xeral para a realización das eleccións, ou sexa dende a convocatoria ata a celebración mesma das eleccións deben de pasar un mínimo de corenta días.
- 8.4. Para ser admitida pola Xunta Electoral, cada lista deberá incluír un mínimo de catro e un máximo de 11 membros; a lista terá que ir acompañada dun programa electoral que conteña as súas propostas.
- 8.5. Aparte da condición xeral, aplicable a tódolos candidatos, de estar ó corrente de pago das súas cotas, para ser admitido coma candidato a calquera dos cargos da xunta. Será precisa unha antigüidade mínima dun ano coma socio de número no momento de convocarse as eleccións.
- 8.6. Cada lista ordenará os seus candidatos para cada un dos cargos de acordo co establecido no artigo 8 e utilizando as denominacións que alí se recollen.
- 8.7. No caso de que, pechado o prazo de presentación de candidaturas, se houberse presentado soamente unha que cumpra os requisitos para a súa admisión, tódolos candidatos de dita lista serán proclamados automaticamente membros da Xunta Directiva Xeral pola Xunta Electoral, sen necesidade de realizar votación algunha.
- 8.8. No caso de que, pechado o prazo de presentación de candidaturas, non se houberse presentado ningunha, ou se as presentadas non cumpren os requisitos para a súa admisión, a Xunta Electoral abrirá un novo prazo de quince días naturais para a presentación das mesmas, fixando a Xunta Electoral a nova data de presentación das mesmas, fixando a Xunta Electoral a nova data en que deberá celebrarse a votación. Se transcorrido ese novo prazo non se houberse presentado ningunha,

ou se as presentadas non cumpren os requisitos para a súa admisión, a Xunta Electoral convocará nun prazo máximo de quince días naturais unha sesión Extraordinaria da Asemblea Xeral para que tome as decisións oportunas.

- 8.9. As listas electorais admitidas pola Xunta Electoral, así coma os seus programas, serán enviadas pola secretaría da asociación a tódolos seus socios, xunto coas papeletas de votación e as instrucións para o voto, cunha antelación mínima de quince días naturais respecto á data de celebración da votación.
- 8.10. Constituirase unha mesa electoral na sede da asociación supervisada pola Xunta Electoral, sendo presidida por aquel deles que teña maior antigüidade como socio. A mesa electoral estará formada por tres socios elixidos da mesma maneira que a Xunta Electoral e no mesmo momento que esta, e estará aberta polo menos durante dúas horas.
- 8.11. Cada candidatura poderá designar a un máximo de dous socios como interventores por cada mesa.
- 8.12. O voto o emitirá cada socio na mesa electoral que lle sexa máis accesible, persoalmente ou por correo, debéndose en tódolos casos acreditarse de forma documental a personalidade do votante. Só se admitirán aqueles votos por correo que sexan recibidos na sede da asociación antes do día sinalado para a votación.
- 8.13. Cada votante poderá elixir soamente unha lista de entre as admitidas, sen que se admitan propostas de variación ou tachóns á mesma.
- 8.14. Os membros da mesa electoral realizarán o recuento dos votos emitidos, levantando ó final acta dos resultados, que será asinada por tódolos compoñentes da mesma. Dita acta, á que se deberán incorporar no seu caso as reclamacións destes e dos interventores, será transmitida inmediatamente á Xunta Electoral. A Xunta Electoral resolverá cantas reclamacións e/ou impugnacións poida presentar calquera asociado en relación con calquera en relación co desenrolo e/ou resultado do proceso electoral nun prazo máximo de catro días naturais dende a presentación da reclamación.
- 8.15. Resultarán elixidos como membros da Xunta Directiva Xeral os candidatos da lista máis votada.
- 8.16. Os resultados da elección serán proclamados pola Xunta Electoral unha vez finalizado o recuento dos votos da mesa electoral, resoltas as reclamacións, se as houbera.
- 8.17. Os candidatos elixidos tomarán posesión dos seus cargos dentro dos sete días naturais seguintes á data da súa proclamación.

CAPÍTULO IV

XUNTA E ASEMBLEA

Artigo 9:

É función da Xunta Directiva o programar e dirixir as actividades sociais e levar a xestión administrativa e económica da asociación. Someter a aprobación da Asemblea Xeral o presuposto anual de ingresos e gastos, así coma o estado de contas do ano anterior.

Artigo 10:

A Xunta Directiva celebrará as sesións cantas veces o determine o presidente ou, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo presidente e, na súa ausencia, polo secretario e, á falla de ambos, polo membro da xunta que teña máis idade.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia de, ó menos, a metade dos seus membros. Das sesións, o secretario levantará acta, que se transcribirá ó libro de actas.

Artigo 11:

Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades ou de recabar das mesmas as informacións precisas. Formarán parte, ademáis, de ditas comisións, o número de vocais que acorde a Xunta Directiva a proposta dos seus respectivos presidentes. Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva terá, ademáis das facultades consignadas no artigo 7, as seguintes atribucións:

- a) Convocar e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, decidindo, con voto de calidade, en caso de empate.
- b) Propoñe-lo plan de actividades da Asociación da Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- c) Ordear os pagos acordados válidamente.

Artigo 12:

O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o arquivo e o libro de rexistro dos socios, expedirá certificados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade.

Artigo 13:

O contador dirixirá a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos sociais. O tesoureiro intervirá tódalas operacións de orde económico, así mesmo recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o presidente.

O contador, xunto co tesoureiro, formalizará o presuposto anual de ingresos e gastos, así coma o estado de contas do ano anterior, que deben ser presentados, á Xunta Directiva para que ésta, á súa vez, o someta á aprobación da Asemblea Xeral.

Artigo 14:

Cada un dos compoñentes da Xunta Directiva terá os deberes propios do seu cargo así como os que nazan das delegacións ou comisións que a propia Xunta lles encomende. Incumbirá de maneira concerta ó secretario velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de asociacións, custodiando a documentación oficial da entidade e facendo que se cursen, ó Delegación Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Ad. Local, as comunicacións sobre designación da Xunta Directiva, celebración de Asembleas Xerais, cambios de domicilios, formalización de estado de contas e aprobación dos presupostos anuais.

Artigo 15:

A Asemblea Xeral, integrada por tódolos socios, é o órgano supremo da asociación e xuntarase sempre que o acorde a Xunta Directiva, por propia iniciativa, ou porque o solicite a décima parte dos socios.

Obrigatoriamente, a Asemblea Xeral deberá ser convocada en sesión ordinaria unha vez ó ano dentro do mes de xaneiro de cada ano para aproba-lo plan xeral de actuación da asociación, censura-la xestión da Xunta Directiva, aprobar, no seu caso, os presupostos anuais de ingresos e gastos, así como o estado de contas correspondentes ó ano anterior.

Artigo 16:

A Asemblea Xeral reunirase, en sesión extraordinaria cando o esixan as disposicións vixentes ou así o acorde a Xunta Directiva, en atención ós asuntos que deban tratarse, e , en todo caso, para coñecer das seguintes materias: disposición ou transmisións de bens, nomeamento de Xunta Directiva, solicitude de declaración de utilidade pública, modificación de estatutos e disolución da asociación.

Artigo 17:

As convocatorias as Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, serán feitas por escrito, expresando o lugar e data e hora da xuntanza, así como a orde do día. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea Xeral en primeira convocatoria, haberán de mediar alomenos 15

días, podendo así mesmo, facerse consta-la data, na que, se procedese, se reuniría a Asemblea Xeral en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra reunión poida medir un prazo inferior a unha hora. No suposto de que non se houberse previsto no anuncio a data da segunda convocatoria, deberá de ser feita con oito días de antelación á data da xuntanza.

Artigo 18:

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas, presentes ou representados, a maioría dos asociados e, na súa segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados concorrentes.

Artigo 19:

Os acordos das Asembleas Xerais adoptaranse por maioría de votos. Non obstante será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asociados presentes ou representados para que adopten acordos na Asemblea Xeral extraordinaria sobre disposicións ou transmisións de bens, nomeamentos de Xuntas Directivas, solicitude de declaración de utilidade pública, modificación de estatutos e disolución da asociación.

CAPÍTULO V

MEMBROS

Artigo 20:

Poderán ser membros da asociación as persoas xurídicas e físicas maiores de idade e con plena capacidade de obrar que de algunha maneira teñan interese en servir ós fins da mesma e sexan admitidas pola Xunta Directiva, a que poderá otorgar o nomeamento de membro honorario, ás persoas que estime oportuno, a título meramente honorífico, sen que elo levo consigo a condición xurídica de socio. A resolución deste órgano será firme e non poderá ser obxecto de recurso.

CAPÍTULO VI

CLASES, DEREITOS E OBRIGACIÓNS

Artigo 21:

Quen desexe pertencer á asociación solicitarao por escrito, en soporte papel o electrónico, ó presidente, o que dará conta á Xunta Directiva, que resolverá sobre a admisión ou inadmisión do socio, sen ningún recurso sobre o acordo.

Non se adquire a calidade de socio mentres non se satisfaga a cota de entrada na contía e forma que estableza a Xunta Directiva, a primeira cota mensual será de 10 €.

Artigo 22:

Os socios poderán solicita-la súa baixa da asociación voluntariamente, pero elo non lles eximirá de satisfacer-las obrigacións que teñan pendentes para con aquela.

A Xunta Directiva poderá separar da asociación a aqueles socios que cometan actos que os faigan indignos de seguir pertencendo á mesma. A separación será precedida de expediente en que deberá ser oído o interesado, e contra acordo da Xunta Directiva caberá recurso ante a primeira Asemblea Xeral que se celebre.

Artigo 23:

Serán obrigacións dos socios:

- a) Acata-los presentes estatutos e os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral e pola Xunta Directiva.
- b) Aboa-las cotas de entrada (10 €) e as periódicas que acorde a Xunta Directiva.
- c) Desempeñar fielmente as obrigacións inherentes ó cargo que desempeñen.

Artigo 24:

Os membros da asociación terán os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades culturais que promove a asociación e nos actos sociais que organice para tódolos socios nas condicións que se establezan.
- b) Exercitar o dereito de voz e voto nas Asembleas Xerais.
- c) Ser nomeado membro da Xunta Directiva na forma que prevén os estatutos.
- d) Que se lles poña de manifesto o estado de contas dos ingresos e gastos da asociación tódolos anos.

Artigo 25:

Os socios poderán ser sancionados pola Xunta Directiva por infrinxir reiteradamente os presentes estatutos ou os acordos da Asemblea Xeral ou da Xunta Directiva. As sancións poden comprender dende a suspensión dos seus dereitos durante un mes ata a separación definitiva da asociación. Os termos detallados das posibles infraccións e as súas consecuencias serán reflectidas no R.R.I.

CAPÍTULO VII

ORZAMENTOS

Artigo 26:

O patrimonio fundacional é nulo.

O exercicio asociativo e económico comezará o 1 de Xaneiro e rematará o 31 de Decembro.

Artigo 27:

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades sociais son os seguintes:

- a) As cotas de entrada que sinale a Xunta Directiva. A ditos efectos, a Xunta Directiva poderá libremente establecer cotas distintas para socios persoas físicas e para persoas xurídicas.
- b) As cotas periódicas que acorde a mesma.
- c) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados e donacións que poida recibir en forma legal.
- d) Aportacións voluntarias.
- e) Ingresos de patrimonio que se poida posuír.
- f) Ingresos que poida recibir polo desenrolo das súas actividades.

Artigo 28:

A administración dos fondos da asociación levarase a cabo sometida á correspondente intervención e coa publicidade suficiente afin de que os socios poidan ter coñecemento periódicamente do destino dos fondos, sen prexuízo do dereito consignado a este respecto no apartado d) do artigo 24 dos estatutos.

CAPÍTULO VIII

DISOLUCIÓN

Artigo 29:

No caso de disolverse a asociación, a Asemblea Xeral que acorde a disolución nomeará unha comisión liquidadora, composta por cinco membros extraídos dos da Xunta Directiva, a que se fará cargo dos fondos que existan, para que unha vez satisfeitas as obrigas, o remanente, se o houbese, sexa entregado a calquera entidade legalmente constituída con domicilio na vila das Pontes de García Rodríguez que se dedique a iguais, ou no seu defecto análogos, fins ós da asociación.

A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- Polo acordo de dous tercios dos socios en Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada o efecto.
- Polo determinado no artigo 39 do código civil.
- Por sentenza xudicial.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Todo canto non esté presente ou rexido por estes estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de Marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

As Pontes, a 10 de Xullo de 2003